



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Telefonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA: NOMEAMENTO DE 2 ALBANEIS PARA PROGRAMA APROL RURAL 2017

Mediante Resolución de Alcaldía nº 671/2017 do 29 de novembro de 2017, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal na modalidade de "obra ou servizo de interés social", e a convocatoria con carácter urgente do proceso selectivo para dous postos de traballo, así como a formulación de oferta de demandantes de emprego ao abeiro da Orde reguladora do 29 de agosto de 2017.

Visto o decreto nº 679/2017 con data do 11 de decembro de 2017, pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos para os 2 postos de traballo de albanel e na que se convocaba aos aspirantes e aos membros do tribunal, para a realización da proba para o día 12 de decembro de 2017 ás 09:00h na Sede de Protección Civil.

Vista a acta do tribunal de selección do día 12 de decembro na que se pon de manifesto o resultado da proba de cada un dos aspirantes presentados a mesma, e na que se propón, por unanimidade dos seus membros, o nomeamento a favor dos aspirantes con maior puntuación.

A vista dos antecedentes expostos e considerando as competencias atribuídas a alcaldía em virtude do previsto no artigo 21. 1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril,  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** nomear como albaneis aos aspirantes D. Manuel Mourín Insua e a D. José Rama Freire no procedemento de selección de 2 postos de traballo para o programa Aprol Rural.

**SEGUNDO:** outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende esta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios procedan a presentar a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para proceder a formalización do contrato.

**TERCEIRO:** publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello así como na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección, dar conta ao pleno na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)